



Pepe Agrelo e Outes

Xoán X. Mariño

Os vínculos que uniron ó benquerido Pepe Agrelo con Outes foron múltiples, fondos e antigos. Tanto que este concello lle debía tamén un recoñecemento.

O primeiro lazo, do que eu teño noticia, botouse a mediados dos anos 60 cando foi destinado á Serra como docente. Episodio trascendental para el, por ser a súa primeira escola. Antes dera clases particulares en Madrid e Noia e participara na campaña de alfabetización de adultos en Boiro, polo que foi o trato cos nenos deste concello o que fixo despertar nel a vocación de mestre da que sempre estaría orgulloso ata a súa morte. Fica daquel feliz acontecemento unha entrañable fotografía súa á porta do colexio acompañado polos seus pupilos, que o recordan con agarimo.

Poucos anos despois había de volver á Serra, esta vez coa súa máis amada afeición, o teatro, co obxectivo de colaborar cos veciños a reunir fondos para a construción da nova capela de Santiaguíño. Veu acompañado de Candea, o primeiro grupo teatral que dirixíu, para representar, o 1 de abril de 1975, nun salón de baile atigado de xente, a obra que a tantos nos emocionara uns meses antes na súa estrea na Sociedade Liceo de Noia, Pancho de Rábade. Quizais fose esta a última representación da peza de Álvaro de las Casas co seu grupo, porque só uns días máis tarde Agrelo xa estreaba a súa primeira produción propia, Noite de lobos, coa que despois ía percorrer Galicia

enteira, levando de xeito infatigable, como fixo sempre, a cultura galega a todos os curruchos da Terra.

Regresaría en numerosas ocasións, primeiro para dar algúns mitins durante a campaña electoral de 1977, na que encabezaba as listas do BNPG para o Senado, e máis frecuentemente, para saúdar ós amigos feitos aquí e tomar con eles uns viños no Freixo ou na taberna de Ribeiro, na Serra de Abaixo, ou na de Lisito, na Pontenafonso, onde ceei por última vez con el, invitados ambos, xunto con outros amigos entre os que se atopaba o tamén tristemente desaparecido Prudencio Romo, pola Sociedade Liceo, para a cal Pepe dirixía a revista Alameda, na que me sentín orgulloso de colaborar, como cando uns anos antes me pedira que lle escribira algo para esta mesma publicación que agora sae a xeito de homenaxe.

Mais as visitas foron especialmente frecuentes nos últimos anos, cando acudía en representación da editorial Toxosoutos á presentación do premio de Historia medieval de Galicia que convoca anualmente a Fundación comarcal, pero sobre todo, cando se multiplicaron as peticións de colaboración ás que nunca se negaba: a presentación do meu primeiro volume do Patrimonio Histórico-artístico de Outes no Centro Xuvenil desta localidade en 1998, á do libro que escribín en colaboración de Xan F. García, Efemérides de Outes, ó ano seguinte ou á de S. Ourente de Entíns. Estudio dunha parroquia rural, o mesmo ano, para o que

RECUERDO ESCOLAR



Foto Paris

CURSO 1968 - 69

Grupo Segundo
Torre Urizor, 12-5.ª Izqda.
BILBAO

tamén escribiu, a rogo da Asociación de Veciños que o publicaba, un prólogo cheo de amor a esta terra. Outro texto fantástico saíu da súa inesgotable pluma para o catálogo da exposición de homenaxe ó pintor Arximiro Suárez que a Asociación Terra de Outes, que presido, organizou o ano 2005 e á cal tampouco quixo faltar para dicir unhas palabras de loubanza ó máis importante artista deste concello. Como tampouco quixo estar ausente na presentación que esta Asociación tamén organizou, en decembro dese mesmo ano, do libro de poemas *Orfeu en soños*, do outense Ramón Blanco.

Quizais foi un pequeno pago a toda esta xenerosa contribución súa á cultura de Outes, a entrega do Premio Leixaprén, que conceden os institutos de toda a comarca ás personalida-

des máis destacadas na defensa da lingua galega. Premio que, aínda que se lle entregou no Instituto Fontexería de Muros o ano 2001, naceira precisamente no IES Francisco Añón de Outes. Daquí saíu, polo tanto, pode que de forma indirecta, o primeiro gran recoñecemento que Agrelo recibíu, antes de que o concello de Muros lle concedera no 2003 a súa medalla de ouro.

Pero tamén a primeira homenaxe que se lle fixo tras a súa morte, cando a súa gran amiga Aurora Marco pronunciou, no salón de plenos do concello de Outes, con ocasión da presentación do último premio de Historia medieval, un discurso recordando (e loubando) a este gran activista cultural que foi Pepe Agrelo. ❖

